

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL,
TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS**

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **13 de decembro de 2023**
Ás 17.00 horas do día 13 de decembro de 2023, réunese a Comisión Informativa de
Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de
xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Marta Nóvoa Iglesias

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño
D.^a Patricia Torres Madureira
D. Xosé Miguel Pérez Blecua
D. Manuel Seoane Rodríguez
D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo
D.^a Susana Rodríguez Estévez
D. Aurentino Alonso Araújo
D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede
D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo
D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o presidente e deputado do Grupo Popular don Luís Menor Pérez, que é substituído
por don Rosendo Luís Fernández Fernández, asumindo a presidencia da comisión dona Marta
Nóvoa Iglesias.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2023.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de novembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 15 de novembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta en que estado de execución se atopa o convenio aprobado pola Deputación para que os concellos dispoñan dunha canle de denuncias. Pregunta tamén se a que utilizan a maioría dos concellos, que é a do xestor de expediente “Gestiona” cumpre a normativa.

O Sr. secretario contesta que ao día da data son sobre oito ou dez os concellos adheridos e que espera que no mes de xaneiro de 2024 se poida realizar a xornada de formación para os responsables das ditas canles. Respecto á canle de denuncia do xestor de expedientes “Gestiona” sinala que non pode responder a esa pregunta, xa que non a coñece.

D.ª Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, indica que recentemente o presidente anunciou unha liña de axudas para as asociacións municipais de emerxencias e protección civil. Pregunta en que van consistir o dito programa de axudas e cal é a súa dotación orzamentaria.

A Sra. presidenta indica que neste momento non ten a dita información e di que a pregunta será respondida proximamente.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón a probabilidade de que ao Grupo Socialista se lle poida facilitar un usuario de acceso ao programa “Seneca” da Deputación, para a xestión audiovisual os órganos de goberno.

O Sr. secretario manifesta que o acceso ao programa, en principio, está permitido para poder editar datos e que a autorización aos deputados ou aos grupos provinciais debería ser só para consulta, polo que está á espera de que a empresa responsable desta aplicación lle indique se é

posible. Por outro lado, engade que no vindeiro ano 2024 vence o contrato do servizo desta plataforma e que se están preparando os pregos para unha nova licitación.

E, ás 17.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.